



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MAÑÓN

Resolucións da Alcaldía en materia organizativa

De conformidade co establecido no Real Decreto Legislativo 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, fanse públicas as seguintes resolucións:

– Nomeamentos de tenentes de alcalde

Primeiro tenente de alcalde: Francisco José Calvín Fondevila

Segunda tenente de alcalde: Azucena Cao Sierra

Terceira tenente de alcalde: Alba María Martínez López

– Membros da Xunta de Goberno Local

A Xunta de Goberno Local presidida polo alcalde está integrada polos seguintes concelleiros:

Primeiro tenente de alcalde: Francisco José Calvín Fondevila

Segunda tenente de alcalde: Azucena Cao Sierra

Terceira tenente de alcalde: Alba María Martínez López

– Delegacións específicas por parroquias

José Manuel Santeiro Fernández, parroquia de Ribeiras do Sor.

– Nomeamento de representante do Concello no Consello Escolar

Alba María Martínez López

En Mañón, 12 de marzo de 2021.

O alcalde

Alfredo Dovale Pedreira

2021/2065

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MAÑÓN

Resolucións da alcaldía en materia organizativa para o período 2019/2023

De conformidade co establecido no Real Decreto Legislativo 2568/1986 de 28 de novembro que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, fanse públicas as seguintes resolucións:

Nomeamento de tenentes de alcalde

Primeiro tenente de alcalde: Alfredo Dovale Pedreira

Segundo tenente de alcalde: Francisco José Calvín Fondevila

Terceiro tenente de alcalde: Azucena Cao Sierra

Membros da Xunta de Goberno Local

A Xunta de Goberno Local, presidida pola Alcaldía, está integrada polos seguintes concelleiros:

Primeiro tenente de alcalde: Alfredo Dovale Pedreira

Segundo tenente de alcalde: Francisco José Calvín Fondevila

Terceiro tenente de alcalde: Azucena Cao Sierra

Delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local

A Xunta de Goberno Local terá asinadas as seguintes atribucións:

1ª.- A asistencia permanente ó Alcalde no exercicio das súas atribucións

2ª.- As seguintes atribucións que esta Alcaldía delega de forma expresa:

Aprobar a oferta de emprego público de cordo co orzamento e a plantilla aprobada polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisións de postos de traballo.

Aprobar os instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral, non expresamente atribuídos ó Pleno, así como as dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

O outorgamento de licenzas de obra, de actividade ou de apertura, salvo que as leis sectoriais o atribúan ó Pleno.

Adoptar os acordos que procedan nos expedientes que se tramiten para a protección de legalidade urbanística.

As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros, incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior os catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía indicada, conforme ó disposto na disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia e ordenar pagos así como a aprobación de facturas que correspondan ó desenrolo normal do orzamento reservándose a Alcaldía a competencia ata a contía de seis mil euros (6.000,00 €).

A aprobación de proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no presuposto.

A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin os tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicada.

A aprobación de certificación de obras.

A resolución de recursos de reposicións que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas.

Devolución de fianzas de todo tipo de contratos ou concesións de asuntos competencia da Xunta de Goberno Local.

A solicitude de tódalas subvencións a favor desta administración que sexan de competencia da Alcaldía.
As demais que expresamente lle atribúan as Leis.

Delegacións específicas, por parroquias, nos seguintes Concelleiros

Alfredo Dovale Pedreira e Francisco José Calvín Fondevila: Parroquia de Mogor.

Alba María Martínez López: Parroquia de Bares.

Miguel Freire Gómez: Parroquia de Mañón.

Azucena Cao Sierra: Parroquia de Grañas do Sor.

No desempeño das súas funcións de dirección interna e xestión dos servizos, os Concelleiros dependerán directamente do Sr. Alcalde sen que en ningún caso poidan resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Mañón, 24 de xullo de 2019.

O ALCALDE

Alfonso Emilio Balseiro Gómez

2019/6991

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MAÑÓN

Acordos do pleno en materia organizativa para o período 2019-2023

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o 15 de xullo de 2019 adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

Periodicidade das sesións do Pleno.

Acordouse que as sesións ordinarias do Pleno se celebren con carácter bimensual os últimos xoves dos meses impares ás 20,00 horas.

Xunta de Goberno Local.

O Pleno acordou a creación da Xunta de Goberno Local e delegar as seguintes competencias:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materia de competencia plenaria.
- A declaración de lesividade de actos do Concello.
- A concertación de operacións de crédito nas que a contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Presuposto, salvo as de tesourería, que lle correspondería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, de conformidade co que dispón a lei reguladora das facendas locais.
- A aprobación de proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando non estean previstos nos presupostos.

As demais que expresamente lle confiran as Leis.

Mesa de contratación permanente.

Composición:

- Presidente: Alfonso Emilio Balseiro Gómez, Alcalde da corporación.
- Vogais:
 - María Valiña Garrido, Secretaria-Interventora
 - María Natividad Rubido Martínez, Funcionaria municipal
- Secretaria: María Carmen Casás López, Funcionaria municipal.

Comisións informativas permanentes.

O Pleno acordou declarar a existencia de Comisión Especial de Contas e aprobar a constitución da Comisión Informativa de asuntos de Pleno.

Mañón, 24 de xullo de 2019.

O ALCALDE

Alfonso Emilio Balseiro Gómez

2019/6993